


Plan de Acción Titorial (PAT)

Máster Universitario en Psicología

Facultade de Psicoloxía



Historial de revisións

Número	Data	Modificacións
01	03/12/2025	Versión inicial

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Coordinación do Máster Universitario en Psicoloxía.	03/12/2025
Aprobado por	Comisión de Título do Máster Universitario en Psicoloxía.	12/12/2025
Aprobado por	Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía	20/02/2026

Índice:

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL PARA O MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	4
1. DEFINICIÓN NO CONTEXTO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA	4
2. OBXECTIVOS DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL (PAT)	4
3. ROL DOS ÓRGANOS RESPONSABLES	5
o Coordinación do título	5
o Profesorado tutor/a de Prácticas Externas	5
o Representantes do estudantado	6
4. PLAN DE ACTUACIÓN/ACCIÓN A IMPLEMENTAR	6
5. CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN	7
o Inicio de curso (fase de acollida)	7
o Inicio das prácticas externas (fase de acompañamento e orientación I)	8
o Final das prácticas externas - escritura do Traballo Fin de Máster (fase de acompañamento e orientación II)	8
o Presentación do Traballo de Fin de Máster e final de curso (fase de peche)	8
6. VALORACIÓN E REVISIÓN DA EFICACIA DO PAT	9

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PARA O MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. DEFINICIÓN NO CONTEXTO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA

O Plan de Acción Titorial (PAT) configúrase como un mecanismo estruturado de apoio que acompaña ao estudantado durante todo o proceso formativo no Máster Universitario en Psicología. Constitúe unha ferramenta estratéxica orientada a facilitar a súa integración académica, social e profesional, así como a optimizar a aprendizaxe e favorecer o desenvolvemento das competencias avanzadas propias do título.

Dado que o máster integra dúas especialidades (Psicología da Intervención Social e Comunitaria e Psicología Experimental), o PAT adopta unha formulación común que garante a cohesión do itinerario formativo, ao tempo que permite atender ás necesidades específicas derivadas das distintas orientacións profesionais e investigadoras. Neste sentido, o PAT concíbese como un espazo para:

- acompañar ao estudantado no tránsito desde a formación de grao cara a unha formación especializada de nivel avanzado;
- favorecer a reflexión sobre o propio perfil profesional e investigador, aliando intereses, expectativas e competencias;
- orientar na toma de decisións vinculadas ás prácticas externas, ao Traballo de Fin de Máster e ás posibilidades de inserción laboral ou continuidade investigadora.

O PAT susténtase nos principios formativos e competenciais establecidos na memoria de verificación do título, especialmente a integración de coñecementos, a capacidade de análise crítica, a aplicación ética da psicología e a proxección profesional e investigadora.

2. OBXECTIVOS DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL (PAT)

O PAT do Máster Universitario en Psicología persegue os seguintes obxectivos:

1. Acompañar a adaptación ao Máster, facilitando a comprensión da súa estrutura, metodoloxías, expectativas académicas e dinámicas de traballo.
2. Garantir un proceso continuo de información, orientación e seguimento académico, que permita ao estudantado tomar decisións formativas fundamentadas.
3. Previr o abandono e favorecer a integración, especialmente do estudantado procedente doutras universidades ou países.
4. Optimizar o proceso de prácticas externas, ofrecendo información clara, realista e coherente coas competencias profesionais e investigadoras esperadas.
5. Acompañar na elección e desenvolvemento do TFM, asegurando a coherencia entre intereses persoais, aprendizaxes adquiridas, prácticas externas e liñas de investigación do profesorado.
6. Favorecer a reflexión vocacional e profesional, orientando sobre saídas profesionais, oportunidades formativas, emprendemento e acceso ao doutoramento.
7. Promover unha participación activa do estudantado nos órganos e dinámicas da titulación, favorecendo a corresponsabilidade e a mellora continua do Máster.
8. Impulsar unha cultura de uso ético, crítico e responsable da psicología, en coherencia coas competencias xerais e específicas do título

3. ROL DOS ÓRGANOS RESPONSABLES

○ Coordinación do título.

A coordinación do Máster é a responsable do deseño, implementación, supervisión e avaliación do PAT. Entre as súas funcións destacan:

- Estar dispoñible para realizar orientación previa á matrícula, aclarando dúbidas e facilitando a incorporación ao centro e á cidade.
- Organizar a sesión de acollida e proporcionar información actualizada sobre o Máster: estrutura, calendario, metodoloxías, servizos, representación estudantil, oportunidades formativas e normas académicas.
- Dinamizar actividades que fomenten a cohesión, a convivencia e a construción do sentido de pertenza.
- Servir de enlace entre estudantado, profesorado e equipo decanal para dar resposta a necesidades detectadas.
- Coordinar o proceso de prácticas externas e o proceso do TFM, garantindo unha comunicación fluída cos

tutores académicos e profesionais.

- Propor accións específicas para mellorar a calidade da aprendizaxe, o rendemento e a convivencia.
- Realizar o seguimento do PAT e elaborar informes de avaliación e mellora continua.
- Participar nas accións de difusión e promoción do Máster, incluíndo a representación da titulación nas xornadas de portas abertas, feiras universitarias, eventos institucionais e outras catividades de divulgación académica destinadas a atraer novo estudiantado. A coordinación será responsable de presentar a estrutura, liñas formativas, saídas profesionais e fortalezas do Máster, contribuíndo así á visibilidade da titulación e á captación de estudantes interesados nas súas especialidades.

- **Profesorado tutor/a de Prácticas Externas.**

O profesorado tutor/a desempeña un papel clave na orientación individualizada do estudiantado durante a súa inmersión nos contextos profesionais ou investigadores asociados á titulación. As súas funcións inclúen:

Como tutor/a de prácticas externas:

- Verificar a adecuación das tarefas asignadas ao estudiantado cos obxectivos, competencias e contidos establecidos no convenio.
- Realizar o seguimento do período de prácticas, mantendo comunicación coa entidade colaboradora.
- Atender dúbidas, orientar sobre o desenvolvemento profesional e promover unha actitude crítica e reflexiva.
- Asesorar e avaliar a Memoria de Prácticas.

Como tutor/a de TFM:

- Acordar o tema, orientar a estrutura e establecer un calendario realista de traballo.
- Realizar acompañamento metodolóxico, teórico e ético na elaboración do TFM.
- Emitir o informe académico de seguimento.
- Orientar sobre as posibilidades profesionais e investigadoras derivadas do traballo realizado.

- **Representantes do estudantado.**

As representacións estudantís contribúen a garantir unha comunicación fluída e bidireccional entre o alumnado e a titulación. As súas funcións son:

- Informar ao grupo sobre cuestións organizativas e dinámicas do Máster.
- Transmitir á coordinación e ao profesorado as demandas, dúbidas ou propostas do estudantado.
- Participar en procesos de mediación cando sexa necesario.
- Fomentar a participación activa na vida universitaria e nos procesos de mellora continua da titulación.
- Propor iniciativas que melloren a experiencia formativa.

4. PLAN DE ACTUACIÓN/ACCIÓN A IMPLEMENTAR

O PAT desprégase ao longo de todo o curso académico a través de tres fases principais, interconectadas e adaptadas aos tempos formativos do Máster.:

- Fase de acollida: Dirixida a favorecer unha integración rápida e eficaz no Máster e no centro universitario. Inclúe:

- Sesión inicial de benvida, presentación do equipo docente e explicación da estrutura e dinámica do Máster.
- Identificación das necesidades formativas e expectativas do alumnado respecto ás especialidades.
- Orientación sobre servizos institucionais: biblioteca, campus virtual, secretaría, SEPIU, CLM, programas de apoio e dinamización cultural.
- Información inicial sobre prácticas externas e TFM, favorecendo unha planificación anticipada e coherente.

- Fase de acompañamento e orientación: A fase de acompañamento e orientación esténdese ao longo de todo o curso e abrangue todas as accións de seguimento, tutorización e apoio necesarias para o óptimo desenvolvemento da formación no Máster. O seu propósito é acompañar ao estudantado nos momentos clave da titulación, facilitando a toma de decisións académicas e profesionais informadas. Nesta fase inclúense as seguintes accións:

- Elección de representantes de alumnado, garantindo unha canle efectiva de comunicación entre o estudantado, a coordinación e o profesorado.
- Desenvolvemento de tutorías por materias, adaptadas á carga lectiva e ás necesidades detectadas polo

profesorado e polo estudantado.

- Participación na oferta de formación complementaria e extracurricular do centro e da USC, en función das necesidades formativas identificadas ao longo do curso.
- Presentación da oferta de centros de prácticas e explicación detallada do proceso de asignación de prazas e titores/as académicos.
- Tutorías previas ao comezo das prácticas externas, centradas na exploración e aliñamento das expectativas do estudantado co funcionamento e características das entidades colaboradoras. Estas tutorías buscan unha preparación previa que facilite unha incorporación informada e axustada á realidade profesional.
- Acompañamento durante o período de prácticas, promovendo o rol activo tanto do estudantado como do persoal tutor profesional das entidades de acollida, e facilitando a comunicación entre todas as partes implicadas.
- Tutorías posteriores ás prácticas externas, nas que se avalía o grao de cumprimento das expectativas iniciais, analizando a experiencia formativa vivida e reflexionando sobre como esta se relaciona coas competencias adquiridas e coa inserción laboral no sector.
- Orientación para a integración das prácticas no TFM, favorecendo que o estudantado identifique oportunidades temáticas derivadas da súa experiencia.
- Tutorización intensiva no inicio da escritura do TFM, apoiando a delimitación temática, metodolóxica e organizativa do traballo, tanto por parte do profesorado tutor coma da coordinación do Máster.

-Fase de peche: que implica o desenvolvemento de actividades que outorguen perspectivas despois da realización da titulación e que incidan nas oportunidades de empregabilidade e de formación continua ao longo da vida do estudantado. Realizaranse actividades específicas que promovan a empregabilidade.

5. CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN

O calendario do PAT artículase en catro momentos chave:

- Inicio de curso (acollida) – setembro.
- Inicio das prácticas externas (acompañamento I): setembro (segundo o calendario específico de cada curso).
- Final das prácticas externas e comezo da escritura do TFM (acompañamento II). Decembro
- Presentación do TFM e final de curso (peche). Febreiro, Xullo ou Setembro, dependendo da convocatoria escollida polo estudantado.

Cada unha destas fases inclúe sesións grupais, tutorías individuais e actividades formativas específicas, garantindo un seguimento continuo e adaptado ao ritmo do estudantado.

6. VALORACIÓN E REVISIÓN DE A EFICACIA DO PAT

Anualmente, coincidindo coa elaboración e aprobación oportuna das actuacións propias da organización académica de cada curso, revisarase a eficacia do PAT. Para iso, anualmente, ao finalizar as accións previstas, a Comisión de Calidade do Centro, previa proposta da Comisión do Título, revisará a eficacia das accións propostas tendo en conta a participación nas actividades previstas, os resultados de enquisas de satisfacción realizadas, as incidencias presentadas a través do proceso PS-05 Xestión das Incidencias (SQR) e calquera outra información que resulte relevante.

En función desta análise, proporán as medidas a ter en conta no seguinte curso. As accións a implementar quedarán documentadas nunha acta da CT e elevaranse á CCC para a súa aprobación definitiva e inclusión, de ser o caso, no plan de melloras anual (PMA) da memoria de Calidade do Centro (MCC), no marco do proceso estratéxico PE-02 Revisión e Mellora.